

## **Curriculum D. Javier Puertas**

Javi Puertas é xeógrafo e fotógrafo de territorios e natureza.

É membro de FONAMAD, Fotógrafos de Naturaleza de Madrid, e de AEFONA, Asociación Española de Fotografía de Naturaleza, onde participa activamente no Comité de Conservación, grupo de traballo no que recentemente se redactaba o Decálogo do Fotógrafo de Natureza da organización.

Coordinou varios cursos anuais de fotografía para concellos como Cuacos de Yuste (Extremadura), Serranillos del Valle, ou Humanes de Madrid, localidade esta última onde é actualmente o responsable do Obradoiro de Fotografía. Impartiu cursos e obradoiros de fotografía de natureza e paisaxe da man de entidades como a Área de Medio Ambiente da Diputación de Toledo, o Centro de Interpretación y Documentación del Agua y los Humedales Manchegos de Daimiel, ou o Centro de Información y Participación Ambiental Joven (Concello de Fuenlabrada e Amigos de la Tierra).

Ademais dos cursos e obradoiros, participa habitualmente en actividades fotográficas como congresos, visionados, quedadas... Participou como organizador e/ou xurado en varios concursos fotográficos como son o "I Concurso de Fotografía EUROPARC-España: Áreas Protegidas, Reconnectando con la Naturaleza (2012)", o "I Concurso de Fotografía Digital Humanes de Madrid: El Agua, Fuente de Vida" (2013) e o III Concurso de Fotografía "Reserva de la Biosfera de Sierra de Francia y Béjar" (2013).

Ten varias exposiciones fotográficas en permanente itinerancia como son as mostras "Los bosques: una mirada interior", "Luces africanas: Marruecos", "La Vera: una visión en blanco y negro", "Patrimonios Verticales", actualmente na Casa de Campo de Madrid, ou "El agua y sus paisajes", durante os meses de maio e xuño no CEIDA.

As súas fotografías publicáronse en medios como *El País*, ou en revistas do sector ambiental como *Quercus* e *Forestia*, e ilustran boa parte da liña editorial de EUROPARC-España. É autor da publicación *Territorios fotográficos: espacios naturales*, editada pola UOC en 2012.

[www.javipuertas.com](http://www.javipuertas.com)



Autor: Javi Puertas

### **Organizan**



**CEIDA**  
CENTRO DE EXTENSIÓN  
UNIVERSITARIA E DIVULGACIÓN  
AMBIENTAL DE GALICIA




**Lugar** Castelo de Santa Cruz (Oleiros)

**Nº prazas** Limitadas

### **Horario**

- **Sábado 4 de maio:** de 10.00 a 14.00 h.  
e de 15.30 a 19.30 h.
- **Domingo 5 de maio:** de 9.00 a 13.00 h.

**Inscripción** [www.ceida.org/formacion](http://www.ceida.org/formacion)  
[formacion@ceida.org](mailto:formacion@ceida.org)




Castelo de Sta. Cruz, s/n 15179 Liáns, Oleiros (A Coruña)  
Teléfono 981 630 618 Fax 981 614 443  
[www.ceida.org](http://www.ceida.org) [formacion@ceida.org](mailto:formacion@ceida.org)

## **CURSO** **Iniciación á Fotografía Dixital** **da Natureza**

**4-5 maio 2013**

**III CONGRESO NATUREZA E IMAXE**



Autor: Javi Puertas



**CEIDA**  
CENTRO DE EXTENSIÓN  
UNIVERSITARIA E DIVULGACIÓN  
AMBIENTAL DE GALICIA



4-5 maio 2013

### Obxectivos


Os espazos naturais e as súas paisaxes son, con carácter xeral, o obxectivo fotográfico deste curso de iniciación, de maneira que o obxectivo último é familiarizar aos participantes coas principais técnicas de fotografía de natureza e as súas paisaxes, e amosarllas durante o curso.

### Destinatarios

- Persoas con interese en sacarlle un maior partido á súa cámara fotográfica, reflex ou compacta, interesados en iniciarse na fotografía dixital e, de maneira particular, na fotografía de territorios e paisaxes.
- Profesionais como empresarios turísticos, informadores, guías, monitores de natureza, axentes de desenvolvemento local, dinamizadores sociais, promotores de actividades culturais... e estudantes de ciencias da terra como xeografía, ciencias ambientais, bioloxía, xeoloxía, forestais ou outras disciplinas vinculadas ao territorio.

### Imparte

D. Javier Puertas ([www.javipuertas.com](http://www.javipuertas.com))



### Participantes

Se establece un número máximo de 25 participantes.

### Competencias

Este curso proporciona unha base fotográfica sólida para aproveitar as posibilidades do equipo dixital traballando en manual, afinando a exposición e mellorando as composicións, ensaiando o aprendido a pé de terreno.

### Requisitos


Dispoñer de equipo fotográfico dixital, cámara reflex ou compacta, con controles manuais.

### Matrícula

40 €

### Inclúe

Presentacións, separatas e selección bibliográfica e de recursos electrónicos.



Castelo de Sta. Cruz, s/n 15179 Liáns, Oleiros (A Coruña)  
Teléfono 981 630 618 Fax 981 614 443  
[www.ceida.org](http://www.ceida.org) [formacion@ceida.org](mailto:formacion@ceida.org)

### PROGRAMA

#### Sábado 4 de maio

- |               |  |
|---------------|--|
| 10.00 - 11.00 | Presentacións do curso e dos participantes.  |
| 11.00 - 11.30 | Descanso.  |
| 11.30- 14.00  | Bloque I. <ul style="list-style-type: none"><li>• O equipo fotográfico: cámaras, obxectivos, filtros...</li><li>• A máquina fotográfica: configuración básica e manexo aplicado.</li><li>• Exposición: o triángulo fotográfico</li><li>• Comida.</li></ul> |
| 14.00 - 15.30 |  |
| 15.30 - 17.00 | Bloque II. <ul style="list-style-type: none"><li>• Efectos fotográficos I: traballando a profundidade de campo.</li><li>• Efectos fotográficos II: traballando o movemento.</li></ul>  |
| 17.00 - 17.30 | Descanso.  |
| 17.30 - 19.30 | Bloque III. <ul style="list-style-type: none"><li>• Composición fotográfica</li><li>• Algunhas chaves para a postproducción dixital.</li></ul>   |

#### Domingo 5 de maio

9.00 a 13.00

Saída fotográfica. Una xornada de medio día para poñer en práctica os fundamentos teóricos presentados durante as clases, no entorno do Castelo de Santa Cruz. Realizaranse varios exercicios fotográficos baixo a supervisión do profesor:

- Maximizar a profundidade de campo.
- Aillar e destacar o motivo principal.
- Conxelar e insinuar o movemento.
- Compoñer paisaxes.